

# PROGRAMA DE DEBUXO ARTÍSTICO

## CONTIDOS E TEMARIO

### 1. SOBRE A FORMA

- Análise da forma. Percepción e descrición da forma.
- Modificación da forma. Variacións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo.
- Representación da forma con fins expresivos.

### 2. A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE

- Psicoloxía da forma e composición. Estudo dos elementos compositivos na obra de arte.
- O tratamento da luz e da cor na obra artística.
- A interpretación da realidade. Evolución na historia da arte na interpretación da realidade.

### 3. MATERIAIS E TÉCNICAS DE DEBUXO

- Coñecemento dos soportes: Papeis de diferentes texturas e grosores.
- Coñecemento dos útiles de debuxo: Técnicas secas e húmidas.
- Coñecemento dos procedementos: Empleo de útiles de debuxo sobre diferentes soportes, búsqueda das súas múltiples combinacións.

## OBXECTIVOS

1. Describir graficamente as formas atendendo ás súas organizacións estruturais.
2. Analizar visualmente as imaxes.
3. Representa-lo imaxinado.
4. Coñecer os fundamentos compositivos na obra de arte.
5. Coñecer os procedementos técnicos .
6. Analizar e interpretar unha obra de arte.

# A PROBA DE DEBUXO ARTÍSTICO ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

## ESTRUCTURA DA PROBA DE DEBUXO ARTÍSTICO

Constará de dous exercicios:

1. No **primeiro exercicio** práctico o alumno realizará unha composición cun mínimo de tres elementos tridimensionais sinxelos (como por exemplo prismas, cubo). Estes obxectos escolleranse de entre os propostos no enunciado do exercicio.
2. No **segundo exercicio** o alumnado realizará un debuxo de interpretación dunha obra de arte.

## ORGANIZACIÓN DA PROBA DE DEBUXO ARTÍSTICO

A duración da proba será dunha hora e media.

- O soporte para a realización da proba será de dúas follas, unha para cada exercicio, de tamaño DIN A-3 (sen gramaxe especial e non satinado). As dúas follas entregaráselle ó alumnado no momento da realización da proba; ademais, poderá facer cantos bosquejos previos necesite no caderno de exame. O caderno de exame tamén servirá para conter e protexe-los dous exercicios realizados polo alumnado.
- O alumnado deberá levar á proba o material que considere oportuno, agás o papel (soporte), que se lle proporcionará no momento da proba.
- A proba será práctica.
- A técnica será libre en ámbolos exercicios, pero terase en conta que o procedemento non poderá ser de secado lento e, se cumprise o emprego dun fixativo, deberá o alumno vir provisto del.

## CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

No **primeiro exercicio** terase en conta os seguintes aspectos:

- A composición.
- O estudo do claroscuro.
- As relacións de proporcións entre os obxectos.
- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
- A capacidade de análise e síntese da imaxe.

A puntuación máxima será de **5** puntos.

No **segundo exercicio** a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas que se van representar.
- O coñecemento do material empregado, a súa adecuación ó debuxo realizado e a capacidade expresiva da técnica gráfica.
- A composición.
- A capacidade de representa-lo imaginado.

A puntuación máxima será de **5** puntos.